

CINEFORUM

Queríamos contarvos, para os que non o sabedes, que este ano hai unha nova actividade no Centro, para o alumnado de 3º de ESO, incluído este, en diante que consiste no fomento do cine, chamada CINEFORUM.

Esta actividade consiste en poñer unha película quincenalmente os mércores pola tarde. Até este momento levamos dúas, que son:

- Diarios de Motocicleta: esta película trata de dous mozos arxentinos que emprenden unha viaxe por estrada para descubrir a verdadeira América Latina. Ernesto Che Guevara é estudante de medicina de 23 anos especializado en leproloxía, e Alberto Granado, un bioquímico de 29 anos. Ao lombo dunha vella motocicleta van tomando contacto cunha América Latina diferente. Percorren paisaxes diversas até chegar a unha leprosería na selva Amazónica, onde acaban de cuestionarse o valor do progreso económico. Esta experiencia fará que esperte neles o compromiso que marcará as súas vidas.



Gustounos moito, porque todos temos un rebelde dentro, aínda que, como Ernesto, non o saibamos, e calquera podería sacalo fóra.

- Fucking Amal: esta película trata de dúas rapazas de 14 anos que van a un instituto sueco. Unha delas chámase Agnes e todos a consideraban un bicho raro; a outra era Eilin, á que todos consideraban a rebelde do instituto. Ao final descubren que son lesbianas e todo o mundo se decata cando as atopan encerradas no baño falando, e despois de elas confesar que o eran. Acaban como noivas.



Encantounos porque o que pasou alí podería pasar en calquera outro instituto e calquera que sexa diferente pódese identificar coas protagonistas.

YOLANDA MONTERO E ANDREA VÁZQUEZ S3B



AS PERSOAS CAMBIAN CANDO SE CAMBIA DE CURSO?

Á anterior pregunta supoño que moitos me daredes por resposta un si, cando en realidade tería que ser un non, porque cando se ten unha amizade é duradeira e non se debería perder ou cambiar por outra.

No meu caso, cando cheguei a Melide, deixei uns bos amigos no colexio, pero aquí gañei outros, diría que moito mellores cós anteriores.

Catro anos despois, e xa no remate dos meus estudos no instituto, podo dicirvos que os amig@s que gañei non os perderei por moi separados que esteamos e por moitas voltas que dean as nosas vidas. Por iso aos meus pequen@s entre os cales están:

Iria, Brétema, Naty, Chen, Krys Suárez, Natalia, Suriña, Patry R., Rocío, Elena R., Elena V., Mary (1º BAC), Pablito, Lage, Varela, Mónica, Lucía, Laura, Sonia, Krys L., Silvia, Enma e Pequeni (que xa non están), Paula.... E aos demais que non son poucos
NUNCA VOS OLVIDAREI

ANUSKA LAÍÑO, B2B